

A Barrié e o Instituto da Lingua aumentan a colección da Biblioteca Filolóxica Galega

María Xesús Bugarín, José Moralejo, Xosé Henrique Monteagudo e Xoán Babarro son os autores dos catro novos títulos da antoloxía

ANA SAÁ ■ Vigo

O Instituto da Lingua Galega (ILG) e a Fundación Pedro Barrié de la Maza presentaron onte en Vigo catro novos títulos da serie editorial Biblioteca Filolóxica Galega –iniciada a finais dos anos 90–, cuxo obxectivo é o de trasladar á sociedade obras relevantes de investigación filolóxica de ámbito académico e científico coordinadas por Antón Santamaría.

Os títulos escollidos nesta ocasión foron *O galego fundamental. Dicionario de frecuencias*, Callaica nomina. *Estudios de onomástica gallega*, *Letras primeiras. O floral do Burgo de Caldelas*, *os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito* e *Poesía completa de Antolín Santos Mediante*. Catro obras que contan “cun aval científico e un diploma de calidade”, como sinalou Rosario Álvarez, directora do ILG.

“A creación do ILG debeuse a un mellor coñecemento da lingua no pasado, o presente e tamén o futuro. Esta colección permitirá un mellor coñecemento da lingua galega”, afirmou Javier López, director xeral da Fundación.

O primeiro destes libros, *O galego fundamental. Dicionario de frecuencia*, recolle a frecuencia de uso das palabras en galego, “o que permitirá saber, por exemplo, que



De izq. a dcha, Javier López, Rosario Álvarez y Antón Santamaría; abaixo, Moralejo, Monteagudo, Bugarín y Babarro. // C. Pereira

léxico debe aprender e fixar o alumnado en cada curso”, afirmou a súa autora María Xesús Bugarín.

José Moralejo recolle en *Callaica nomina. Estudios de onomástica gallega* as achegas da onomástica a través do testemuño das xentes, linguas e culturas prehistóricas “e insisto tamén no fondo indoeuropeo que pode calificarse de céltico”, dixo.

Por outra banda Xosé Henrique Monteagudo, escritor de *Letras primeiras. O floral do Burgo de Caldelas*, *os primordios da lírica*

trobadoresca e a emerxencia do galego escrito, expón na súa obra o proceso de implantación da poesía trobadoresca “cun uso instrumental e poético do galego”, enunciou.

Poesía completa de Antolín Santos Mediante é o título da compilación de poemas deste autor asturiano, obra de Xoán Babarro. “Ademais de ter unha dimensión global, este poeta foi un dos primeiros en integrar a fala no galego literario e foi a figura máis visible da literatura galega en Asturias”, sinalou.

Faro de Vigo 29/04/2009